

A PESCA EN CANGAS

Por

Jesús Lorenzo Priego

Estanislao Sotelo

A Sociedade Filatélica Numismática Canguesa, seguindo colaborando coa Hermandade da Stma. Virxe dos Dolores e da Soledad de Cangas, nos temas relacionados co mar a través da filatelia, que este ano abdicámoslo a: **Acuicultura**

O primeiro que queremos aclarar para un maior entendemento, son uns conceptos de certas verbas que están relacionadas coa *Acuicultura*.

A verba *Acuicultura* (deriva do francés) e *Acuacultura* (derivado do Inglés) cultivo de especies ou vexetais na auga.

A *Maricultura*, e unha rama especializada da acuicultura, cuxo fin principal e o cultivo de organismos mariños para produtos alimenticios, en tanques situados en enseadas ou rías, isto chámase popularmente granxas mariñas.

Piscicultura, e a acuicultura de peixes, termo baixo o que se xuntan unha grande diversidade de cultivos diferentes segundo a especie o u familia a cultivar:

Conchicultura ou Coquilicultura - moluscos bivalvos.

Miticultura – Mexillóns.

Ostricultura - Ostras.

A *Piscifactoría*, e unha instalación montada en terra para o cultivo de peixes en estanques ou recintos adicados para tal fin.

Cetárea, instalación en terra para acoller exclusivamente crustáceos con fins comerciais.

Estación depuradora, instalación na que se elimina certos xérmenes pátoxenos dos moluscos.

Cultivo, palabra herdada da *agricultura*, *cultivo mariño*, e o que se desenrola no mar ou en zonas en comunicación directa con el.

Dende os tempos dos romanos xa se falaba de viveiros para cría de peixes. Plinio no seu libro de "Historia Natural", fai referencia as piscifactorías onde se criaban entre outras, especies como *Morenas* e *Robalizas* que se pescaban no río Tiber no seu paso por Roma.

Varrón, estudoso romano, xa fala do rodaballo e das ostras entre outras especies criadas en cativeiro.

A nivel industrial, as instalacións de piscicultura coñécense como piscifactorías aínda que é un termo en desuso, debido á diversificación que sufriu o cultivo, en tanques, estanques, xaulas flotantes, etc., a non estar ben especificado.

Na nosa comarca temos varias piscifactorías adicadas ó engorde do *rodaballo*. Unhas no mar e outras en terra, como a de Nerga (Comar), que emprega durante uns 24 meses de tempo de engorde ate a acadar un produto comercial. A súa produción anual e de 300 toneladas, que exportan a todo o Estado español.

Da parte que nos imos centrar hoxe vai ser sobor as ostras e o mexillón aínda que fundamentalmente deste último pola importancia que ten este dentro da economía do noso país.



MITICULTURA

A miticultura ou miticultura é o cultivo industrial do **mexillón** unha actividade marisqueira dirixida e controlada polo home sobor unha estrutura de madeira chamada batea, fondeada nas augas costeiras. Na actualidade é unha das principais actividades económicas de numerosas poboacións da costa **galega** especialmente nas **Rías Baixas**.



Os primeiros intentos de criar mexillón prodúcese a mediados do **século XX**, cando se comprobou que os mexillóns que se fixaban nos paus de secar as redes medran máis cós que se crían nas rochas. Esta observación levou á instalación de empalizadas próximas á beira do mar, cravadas na area, para que se fixase a semente do mexillón.


Os primeiros datos que temos en Galicia do cultivo do mexillón datan do 1932, cando Manuel Otero Moratinos instalou en Tirán (Moaña) un caixón de madeira.

O segundo intento foi en 1946, cando Ozores Saavedra, dono dun viveiro de moluscos en Vilagarcía, xa levaba tempo intentando cultivar mexillóns en empalizadas, fixo construír a primeira *batea galega*, cun único flotador de madeira sobre o que suxeitou un tramado de táboas das que colgou as cordas. Desta volta a experiencia tivo éxito e ó ano xa tiña 10 bateas. No 1949 instálanse na **Ría de Vigo**, no 1954 aparecen en Cambados, Grove, Bueu e Camariñas.



A estrutura dunha batea: Consiste nun enreixado composto de *vigas, pontóns, flotadores e mortos*, que son os que fixan a batea no mar.

A superficie dunha batea acada os 500 m² como máximo e as cordas teñen uns 12 metros de longo, non poden tocar o fondo para evitar que os depredadores (cangrexos, estrelas de mar, etc...) as alcancen.



Cómpre dicir, que este sistema de cultivo tamén se emprega para outras especies como a ostra.



Pepa e Hortensia en Bueu, poñendo unha corda de cría de mexillón no ano 1966, unha batea pode levar como máximo un has 500 cordas.

As cordas están divididas en dúas partes: a parte de arriba chamada *rabiza*, átase os paus das bateas e chega a unha profundidade de 1 m baixo o mar. A parte de abaixo, e a que soporta o mexillón, cada 80-100 cm colócanse uns paus de 25 a 30 cm de longo chamados *palillos*, que axudan a soporta-lo peso da columna do mexillón e fan que non se caia da corda.

O cultivo do mexillón escomenza coa recollida da semente ou mexilla, que se sacan das rochas costeiras, nas que se fixan as larvas en condicións naturais. O que se recolle como semente é a cría do mexillón, exemplares de un 1 cm de lonxitude ou máis pequenos. Outra posibilidade, menos frecuente, é utilizar colectores na propia batea.



Traballadores limpando o mexillóns a bordo do barco.



Hoxe en día para facer as colleitas, empréganse todo o material de aceiro inoxidable.

A colleita faise, unha vez que o mexillón acada o tamaño comercial desexado polo bateeiro, o redor duns 8-10 cm.

Cando o mexillón vai destinado a **conserva** ou a un **cocedeiro** transpórtase a granel e sen clasificar, cando é para consumo en fresco, desgránase nunhas grellas.



Barco bateeiro indo ó mar e camión cargado para levar o produto ós puntos de venda.

En canto a produción de ostras, o número de bateas nas nosas rías non é moi relevante, aínda que cada vez esta acadando unha maior implantación do sector.

O mexillón e o sector máis representativo das rías de Vigo, Aldán e Bueu.

Os datos que aportamos a continuación por ría son:

A ría de Vigo: conta con 12 polígonos, 483 bateas de mexillóns e 42 barcos.

A ría de Aldán: conta con 2 polígonos, 105 bateas de mexillóns e 17 barcos.

O Concello de Bueu: conta con 3 polígonos, 102 bateas de mexillóns e 40 barcos.

O número de obreiros por cada barco e variable inda que se pode dicir que a media e de 3 a 5 por barco dependendo do número de bateas que teña cada propietario.

(Publicado en “Venerable Hermandad de la Stma. Virgen de los Dolores y la Soledad de Cangas do Morrazo. Abril de 2011)